

OBXECTIVOS

A problemática da violencia contra as mulleres que se exerce en función da súa condición de xénero tamén está vinculada ao consumo e uso pornográfico, ligado á súa vez ao uso das tecnoloxías e novas tecnoloxías da información e comunicación. Estas Xornadas pretenden promover, especialmente nas persoas mozas, particularmente nos homes, pero tamén nas mulleres, un coñecemento desta situación e unha concienciación respecto diso e incidir nun cambio de actitudes favorables cara a un modelo de convivencia igualitaria e dunhas relacións interxénero equitativas e democráticas. Un obxectivo específico consiste en lograr que as e os futuros profesionais vinculados á formación e educación humana nun sentido amplo, procedentes de todas as disciplinas científicas, incorporen estes contidos na súa bagaxe científica-académica-práctica, para unhas actuacións profesionais, así como investigadoras que incidan e que poidan lograr unha transformación das condicións actuais de socialización en función do xénero. Á fin e ao cabo é a única forma de lograr a erradicación de situacións de manifesta desigualdade e de violencias sexuais contra as mulleres e contra os colectivos considerados feminizados e fraxilizados e de lograr unha modificación destas situacións vitais sociais e así unha vida mais igualitaria de mulleres e homes, ante todo con vistas ás novas xeracións.

Como obxectivo principal das presentes xornadas preténdese ofrecer unha preparación específica e científica, en canto ao particular da pornografía e as violencias sexuais que tamén teñen que ver coas nosas accións sociais e persoais.

As "XIV XORNADAS E VI XORNADAS INTERNACIONAIS DE FORMACIÓN, EDUCACIÓN, XÉNERO E IGUALDADE": "A Des-Educación: Pornografía e Violencias Sexuais" están enfocadas de cara a unha formación específica e científica na temática mediante a realización de diferentes actividades que requiren, á vez que permiten, unha participación activa das e dos asistentes, sobre todo de profesionais e persoas especialistas e egresadas e egresados e do estudiantado da USC, mais tamén da cidadanía de Compostela, así como de entidades que traballan a prol das mulleres e persoas interesadas na temática do ámbito comunitario social e político do contexto autonómico, nacional e internacional.

INFORMACIÓN

CIFEX. Facultade de Ciencias da Educación
Campus Vida

jorge.marin@usc.es
begona.gomez@usc.es

INSCRICIÓN

Enviar boletín de inscrición
cuberto a:

maria.curros.espino@rai.usc.es

Prazo ata o 7 de setembro

ORGANIZACIÓN

Dirección: Profa. Dra. Rita Mª Radl Philipp

Organización: CIFEX-USC

Secretariado: Prof. Dr. Jorge García Marín

Coordinación: Profa. Dra. Mª Begoña Gómez Vázquez



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN



**XIV XORNADAS DE FORMACIÓN E
VI XORNADAS INTERNACIONAIS DE
EDUCACIÓN, XÉNERO E IGUALDADE**

8 de setembro de 2022

Lugar:
Salón de Actos da Facultade de Ciencias da
Educación (Campus Vida)

Duración: 10 horas

**Entregarase diploma acreditativo de
asistencia**

PROGRAMA

Xoves, 8 de setembro

09:30h. a 10:00h.: Inauguración das Xornadas

D. Antonio López Díaz, Excmo. e Mgnfco. Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Dna. Mercedes Rosón, Concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade, Concello de Santiago de Compostela

Profa. Dra. Carmen Fernández Morante, Decana da Facultade de Ciencias da Educación, USC

Profa. Dra. Teresa Moure Pereiro, Directora do CIFEX-USC

Profa. Dra. Rita Mª Radl Philipp, Directora das Xornadas

10:30h a 12:00h.: Conferencia: ***"Pornografía: A erotización da violencia"***

Relatora: Profa. Dra. María Lameiras Fernández, Catedrática do Departamento de Análisis e Intervención Psicosocioeducativa, UVigo

Coordinadora: Profa. Dra. Rita Mª Radl Philipp, Directora das Xornadas

12:00h. a 14:00h.: Mesa de debate: ***"Uso Pornográfico, redes sociais e novos medios tecnolóxicos"***

Relatora/es:

Prof. Dr. Víctor Hugo Pérez Gallo, Universidad de Oriente, Cuba
Profa. Dra. Teresa Facal Fondo, Escola Universitaria de Traballo Social, USC

D. Ramón Torrente García, Director de Andamiaxe Innova

Coordinador: Prof. Dr. Jorge García Marín, Secretario das Xornadas, CIFEX-USC

16:00h.-18:00h.: Mesa de debate: ***"Violencia Sexual, consumo prostitucional e pornografía. Un desafío para a educación e formación"***

Reladoras/es:

Profa. Dra. Águeda Gómez Suárez, Coordinadora da Unidade de Igualdade, UVigo

Profa. Dra. Lorena Añón Loureiro, USC

Profa. Dña. Felicia Estévez Salazar, AMNISTIA INTERNACIONAL-Grupo Local de Santiago de Compostela

Coordinadora: Profa. Dra. Teresa Moure Pereiro, Directora do CIFEX-USC

18:30h.-20:30h.: Obradoiro de investigación: ***"Industrias pornográficas, novas tecnoloxías e igualdade"***

Relatora/es:

Dna. María Curros Espiño, Doutoranda e Máster en Igualdade, Xénero e Educación, USC

Dna. Carolina Morales Morales, Máster en Igualdade, Xénero e Educación, USC

D. Pablo Soto Casás, Doutorando e Máster en Igualdade, Xénero e Educación, USC

Coordinadora: Profa. Dra. Begoña Gómez Vázquez, Coordinadora das Xornadas, CIFEX-USC

20:30h.-21:00h: Clausura

BOLETIN DE INSCRICIÓN

APELIDOS:

NOME:

DNI:

TELÉFONO DE CONTACTO:

CORREO ELECTRÓNICO:

TITULACIÓN OU ESTUDOS:

ACTIVIDADE PROFESIONAL ACTUAL:

De conformidade co Regulamento UE 2016/679 e a Lei Orgánica 3/2018 os datos recabados serán utilizados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) unicamente para a xestión da actividade.

Máis información sobre a política de privacidade e protección de datos da USC, e sobre deretos de acceso, rectificación e limitación en: <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>